

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 29 de setembro de 2023 para a cobertura en comisión de servizos do posto de administrativa/o (AP62) da Intervención e Asuntos Económicos

Con data do 25 de setembro de 2023, o presidente do Parlamento de Galicia, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 4 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, acordou iniciar o procedemento para a cobertura temporal mediante comisión de servizos por motivos de urxente e inaprazable necesidade, e por prazo dun ano, sen prexuízo da súa provisión definitiva con anterioridade, do posto de administrativa/o (AP62) da Intervención e Asuntos Económicos.

En consecuencia, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a cobertura en comisión de servizos do posto de traballo que a continuación se detalla:

- Posto número: AP62
- Denominación: administrativa/o
- Requisitos: funcionario/a de carreira do grupo C do Parlamento de Galicia.
- Nivel: 16
- Complemento específico: 17.110,24 €
- Méritos que se valorarán polos servizos prestados en postos do grupo C:
 - Experiencia no uso de programas como Excel ou follas de cálculo.
 - Experiencia no uso de plataformas de administración electrónica: sede electrónica, notifica.gal, SILTRA, sistema Red, etc,
 - Experiencia na tramitación de expedientes orzamentarios, económicos ou contables.
 - Experiencia no uso de plataformas de facturación electrónica.

O requisito de funcionario de carreira do grupo C do Parlamento de Galicia deberá posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, que será de 7 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



As persoas interesadas deberán remitir o seu currículo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), no que debe figurar necesariamente un teléfono ou correo electrónico. Non se presentará a documentación xustificativa dos méritos alegados que, de ser o caso, serán solicitados pola institución.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Segundo. Unha vez recibida a proposta de nomeamento do Servizo de Persoal e Réxime Interior, que será o encargado da tramitación do expediente administrativo, a Oficialía Maior ditará unha resolución en que resolverá a cobertura do posto en comisión de servizos.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

